

Unha decisión adiada

En 1983, os servizos do INSALUD indicaron aos equipos directivos dos hospitais que consideraran a conveniencia de cambiar os nomes dos centros ligados ao réxime anterior. O equipo directivo do Hospital Juan Canalejo estudou, e finalmente desbotou esa posibilidade.

Que razóns nos levaron a esta decisión? En primeiro lugar, o substituto máis razoable, Hospital Xeral da Coruña, púñanos, nominalmente, nun rango inferior ao noso gran rival na sanidade galega, o daquela chamado Hospital Xeral de Galicia, en Santiago.

As outras posibilidades non nos satisfacían: Novoa Santos xa dá nome a un pequeno hospital en Ferrol; Médico ou Doutor Castelao e alén da nosa posición política (eu militaba en Esquerda Galega), parecíanos “politizar” de novo o nome do hospital. Aínda que actualmente Castelao sexa a encarnación do país, daquela non era percibido así por todo o mundo. Os nomes que aluden á localización do Hospital, Curramontes ou As Xubias, parecíanos localistas.

Por outra banda, valoramos que o nome Juan Canalejo era descoñecido; tivemos que “investigar” para descubrir que fora un destacado franquista local -fundador da falanxe coruñesa-, pero tamén vítima da guerra civil. Foi asasinado en Paracuellos del Jarama, unha execución irregular á marxe da legalidade republicana. Ademais, na cidade mantiñanse (até hoxe) unha rúa e un grupo de vivendas co seu nome.



Francisco Cerviño é deputado socialista no Parlamento de Galicia e ex-xerente do Hospital Juan Canalejo

A cuestión foi esmorecendo, ocupados como estabamos en colocar o hospital á cabeza dos hospitais españois, como creo que conseguimos.

Isto non é unha xustificación, é unha explicación. Posiblemente debiamos ter tomado a decisión de cambiarlle o nome. Á luz da Lei da Memoria Histórica, creo que hoxe é imperioso cambiarlo, por exemplo, polo de Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Acabar coa simboloxía do honor

A Guerra Civil conforma, 72 anos despois, un espazo simbólico no que aínda se están a producir confrontacións. Na Ditadura, a simboloxía imposta “manu militari” para exaltar á “Cruzada” e ocultar o sufrimento da humanidade vencida, non se discutía (cando menos publicamente); non podía existir diálogo que a cuestionara.

A partir de 1977, ábrese a posibilidade de darlle outros significados a este espazo; eis, a elaboración dunha simboloxía acorde cos valores que deberían ser útiles á sociedade na nova etapa de construción (aínda inacabada) das liberdades civís: recoñecemento dos/as antifascistas, solidariedade cos desfavorecidos, liberdade de expresión, pacifismo, igualdade entre sexos, respecto para as diversas culturas... E procurar, xa que logo, referentes persoais, históricos e xeográficos acaídos con estes valores.

As reticencias dalgúns instancias da Administración diante da proposta de mudar o rótulo do Hospital “Juan Canalejo” amosan que aínda hai camiño por andar neste eido, debido á influencia que conserva o “franquismo” sociolóxico, ben arroupado no interesado “alzheimer” da Transición.

Ninguén poderá negar que a figura de Juan Canalejo nos retrotrae a un golpe de estado que provocou o asasinato de 6000 persoas na Galiza; que trouxo a moitos fogares o horror e a miseria. Tamén unha dor sen remedio que, mercé á cidadanía que reivindica a memoria, hoxe pode manifestarse en público e recoñecerse en si mesmo e nos demais.



Dionisio Pereira é historiador e ten feito varios estudos sobre a represión franquista

Din os psicólogos que para sopor tar a dor non abonda con falar: cómpre actuar. No caso dos escritores e artistas, creando obras de arte polas que compartimos esa dor mediante a beleza: velaí a Picasso e o “Guernica”; a Pimentel e as súas “Cunetas”.

Resulta indignante que un individuo responsable (de xeito máis ou menos directo) de tanta dor, personalice unha institución cuxa finalidade é, precisamente, combatela. Hora é que deixe paso á beleza e á bondade.